

Xavier Varela Barreiro (1997): «A existencia de dúas expresións clíticas de segunda persoa singular en galego», en Benigno Fernández Salgado (ed.): *Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos*. Oxford: Centre for Galician Studies, vol. 1, pp. 319-342.

---



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

# A EXISTENCIA DE DÚAS EXPRESIÓNS CLÍTICAS DE SEGUNDA PERSOA SINGULAR EN GALEGO \*

XAVIER VARELA BARREIRO  
(Universidade de Santiago de Compostela/  
Instituto da Lingua Galega)

## 1. INTRODUCCIÓN

Podemos falar dun prototipo románico no espacio do clítico da 2.<sup>a</sup> persoa do singular. Ó longo de todo o territorio e na case totalidade das variedades románicas aparece unha única expresión, encargada de marca-las funcións de CD e CI.

Este prototipo non ten vixencia na actualidade nos dous extremos xeográficos da Romanía. No oriente, o romanés dispón de expresión diferenciada para CD e CI. No occidente é o galego o que se aparta do patrón. As expresións *Te* e *Che* terman no sistema clítico da oposición CD / CI na 2.<sup>a</sup> persoa do singular. O portugués coñeceu tamén esta oposición nos primeiros tempos, mais fíxoa desaparecer ó chega-la época moderna, agás en puntos moi illados do norte do seu territorio.

Aínda sendo moi limitado na súa extensión, non se trata dun feito que fose ignorado pola tradición filolóxica, sobre todo pola galega e pola portuguesa, pero non se pode dicir que a atención que se lle prestou conducise á aclaración do sentido da existencia desta estrutura en galego. Lonxe de se-lo resultado inmediato da acomodación das dúas formas oblicuas de acusativo e dativo do pronome persoal latino, como podería pensarse, a constitución da parella *Te* (CD) / *Che* (CI) foi a consecuencia dun cúmulo de factores que actuando conxuntamente levaron ó galego a apartarse da solución románica maioritaria. O resultado foi a adaptación da segunda persoa singular do clítico á estrutura da terceira, na que a diferencialidade entre as dúas funcións estaba perfectamente marcada.

---

\* Este traballo realizouse no marco do proxecto de investigación *Gramática Histórica da Lingua Galega*, subvencionado pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

## 2. XÉNESE E HISTORIA DAS EXPRESIÓNS

Deixando a un lado explicacións curiosas e extravagantes, coma a de Santiago y Gómez (1918)<sup>1</sup>, non hai dúbida de que a historia destas dúas expresións clíticas remóntase ó complexo casual non nominativo do pronome persoal latino. Non é unánime, sen embargo, a postura dos estudiosos á hora de determina-la procedencia de *Te* e *Che*.

Williams (1975: 159) e García de Diego (1909: 109) consideran que no período inmediatamente poslatino unicamente a expresión acusativa *Te* prevaleceu como forma átona, en tanto que *Tu* e *Tibi* asentaron como formas tónicas apreposicional e preposicional, respectivamente. Así pois, de *Te* derivarían as dúas expresións clíticas.

Leite de Vasconcelos (1911: 52-53) e Nunes (1989: 238-239) entenden que sobreviviron en época romance dúas expresións átonas, unha de acusativo (*Te*) e outra de dativo (*Tibi*). Mentres a primeira permaneceu inalterada, a segunda coñeceu xa en época latina a desaparición da consoante intervocálica e a crase das dúas vocais contiguas<sup>2</sup>. Deste xeito, de ser certa esta afirmación, a segunda persoa singular pasaría a dispoñer de catro expresións, dúas tónicas (*Tu* e *Ti*) e dúas átonas (*Te* e *Ti*), e non tres, como sosteñen Williams e García de Diego.

Tomar partido por unha ou outra postura require algo máis que aprecia-lo grao de coherencia interna manifestado por unha e pola outra. Son as primeiras documentacións romances da historia da nosa lingua as que teñen que axudar a clarear este punto de discordancia.

### 2.1. O PERÍODO MEDIEVAL

#### 2.1.1. O galego

Na actualidade as expresións que conviven no espazo clítico da 2.<sup>a</sup> persoa do singular en galego son dúas, *Te* e *Che*. Na época medieval, non obstante, había unha terceira forma, *Ti*, polo que nos imos deter unha migalla nela antes de examinar a fondo o par *Te* / *Che*.

1 Defende unha orixe grega: «Acaso el origen de *che* sea del oblicuo *se* del pronombre griego de la segunda persona, cuya sigma se transformó sin esfuerzo en *che* por la tendencia étnica vasco-ibérica de la pronunciación popular», Santiago (1918: 180).

2 Arrastrado por *Mi* (< *Mihi*), que coñeceu o cambio de forma espontánea e transmitiuno analiticamente á 2.<sup>a</sup> e á 3.<sup>a</sup> persoas de singular (*Tibi* > *Ti*; *Sibi* > *Si*). Vid. Väänänen (1975: 199).

#### 2.1.1.1. A forma *Ti*

Xa Vicente García de Diego, entre outros, menciona o uso átono de *Ti* nas Cántigas en 1909<sup>3</sup>. No corpus que estudiamos atópase nas *Cántigas de Amigo* («*Mal ti venha per u fores...*» [25, 1]), nas *Cántigas de Escarnio* («... e por tod'esto ùa ren *ti* direi...» [70 & 88, 218]), nas *Cántigas de Santa María* («*Te dig' e ti mando / que destas perfias / te quites*» [32.41-2]) e na *Traducción da Crónica...* («*Pero tãta merçee ti quer Deus fazer, que a tua gente vença et desbarate rrey Bucar...*» [655, c. 447, 16-7]).

Trátase dun uso que podemos catalogar como minoritario fronte ó de *Te*, forma con moita maior presenza no binomio das forma con /t/ inicial. *Te* representa tanto a función de CD («*E eu farei ao bispo / venna por ti log'acá, / e di-ll'esto que che dixe, / e el ben te consellará / como non perças ta alma; / e senon, Deus te vingará / de ti por quanto quisische / do demo ssa compan[n]ia*» [CSM, 125, 98-101]); «*Cata tu et cree meu cõsello, ca en outra maneira nũca poderas seer saluo. Et coõmo quer que tu pecases, eu amote moyto, et por ese veno a ti por che dar cõsello por que sejas saluo se me quiseres creer*» (MS, 202, 13-6); «*Ca çerto sey que nũca ás de auer a que asperas et el che mãda uiuer senpre en coyta et en asperença, sen outro ben. Et des oy mays ben me semella que el te ten en seu laço et faz de tj o que quer*» (CT, 550, c. 315, 18-20) coma a de CI («*Madre de Deus, son tan muitos / que, se me non peordõares / tu que o (ben) fazer podes, / ou sse me non amparares / destes que me matar queren, / par Deus, muitos de pesares / te farán os malcreentes, / que andan desasperados*» [CSM, 233, 30-4]); «... et ficou os geonllos et dou grãdes vozes et diso – Uirgẽe Señora, madre de Nostro Señor Ihesucristo, rrogote et pidote por merçee que me nõ leixes agora aqui desanparado...» (MS, 232, 4-6); «*Et era moy leterado et moy sesudo. Et disso ass'y: Rrey, para mentes ãno que te quero dizer, ca eu nõ te quero encobryr nehũa cousa do que eu sãbea, a'ynda que te pese ou a quenquer, ca faría grã maldade et nõ seeria leaal*» (CT, 249, c. 35, 4-7). Pola contra, *ti* é un claro expoñente da función de CI:

*Mal ti venha per u fores, / ca non és se non mia morte, ai, amor!...*  
(25, 1).

*E das trincheiras / e das transmoleiras / ti quero dizer: / vejo-ch' as veiras / e conas carreiras, / polas defender* (CE, 70, 239).

*E dizia-ll' assi: «Esto que ti fiz / e que te faz' ora, a Emperadriz, / ta moller, mio rroga, a bõa fiz, / a que o tu debes muito agradecer*» (CSM, 131, 56-9).

3 *Ibidem*. Estes son algúns dos exemplos: *esta cera ti darei; amor ti avia; mostra ti; e mais ti digo; Deus ti o demande; ti peço...* Trátase das *Cántigas de Santa María*.

*Et, polo bē que me tu polo seu amor fezisti, outorgati Deus hūu gran dō que ...* (TCG, 315, 34-5).

Os casos de correspondencia co CD son contados («... et derriboute do caualo et prendeu pela barua, et prendeu et matou todos teus caualeyros, et leuouti preso en hūu rocī de albarda» [TCG, 628, 35-6]), e a meirande parte deles de máis que dubioso carácter clítico —átono— («... enuiate dizer que te combatera Valença et prendera ti et tua moller et tuas filhas...» [TCG, 588, 20-1]).

Esta grafía preséntase noutras linguas do ámbito da península ibérica, moi en especial en leonés e en portugués. En portugués predomina para a mesma asociación coa función de CI (Cintra 1984: 398-399). Un exemplo significativo neste sentido é a situación que se presenta nos *Diálogos de São Gregorio*, obra portuguesa do século XIV. Nela «as formas *mi* e *ti* ocorren quase que exclusivamente correspondendo ao dativo latino (*Mihi, Tibi* > *mi, ti*) com verbos tais como *dizer, rogar, contar, falar, demonstrar, demandar, dar, enviar, prazer, semelhar*; no então *me* e *te* também ocorren com esses verbos, em variação livre» (Mattos e Silva 1989: 215).

Esta realidade textual non debe cegarnos e impedir que vexámo-lo que realmente acontecía. Non debe levarnos, por exemplo, a afirmar que nos séculos XIII e XIV se distinguía sistematicamente na 2.<sup>a</sup> persoa singular o CD do CI mediante a oposición *Te / Ti*. Non era posible xa nesa época que pervivise o /i/ en posición átona final. Só /e/, /o/ e /a/ tiñan cabida na mesma (Lausberg 1964: 1, 294-306). É moi probable, pois, que se trate dunha distinción gráfica adoptada de xeito máis ou menos convencional e que en parte se vía apoiada pola existencia dunha forma tónica *ti* para contexto preposicional e mesmo, xa naqueles tempos, apreposicional<sup>4</sup>. Presente estaba tamén o *Tibi* do latín aínda empregado en múltiples manifestacións escritas<sup>5</sup>, así como tamén o estaba a forma *Che* coas súas variantes (*Chi, Ch', Cho[s], Cha[s]*), que tamén serviron de apoio para o uso escrito de *Ti*. Non cabe dubidar da existencia da forma *Che*,

4 Hai un bo número de exemplos de uso medieval de *Ti* en función de Suxeito. Será esta expresión a que se impoña á etimolóxica en boa parte do territorio lingüístico galego (vid. Fernández Rei 1990: 74-5).

5 Opinión similar ten R. V. Mattos e Silva: «Quanto à articulação fónica das vogais finais correspondentes a essas grafias variantes de pronomes de segunda posição —*lhe, lhi; lhes, lhis; me, mi; te, ti; se, si, xi*— não se pode concluir pelos dados desse texto em prosa que a cada tipo de grafia corresponderia um tipo de vogal mais ou menos alto. A articulação desses segmentos fônicos, devido à sua posição na frase, em geral não acentuada, quer enclítica, quer proclítica, era, certamente, de pouca intensidade, e não seria uma articulação correspondente ao /e/ ou ao /i/ em posição tónica. Como as grafias *mi* e *ti* historicamente corresponden aos dativos latinos *mihi* e *tibi* talvez se possa interpretar essa escolha gráfica como reflexo do latim, o mesmo ocorrendo com preferência pela grafia *lhi, lhis* que tem como base o *illi* latino» (op. cit., p. 217).

posto que se documenta practicamente en tódalas obras medievais<sup>6</sup>, cousa que non acontece con *Ti*<sup>7</sup>.

É máis que probable, por conseguinte, que na Baixa Idade Media non existise na lingua falada a forma *Ti*. Se isto era así, o espazo do clítico de 2.<sup>a</sup> persoa singular estaba ocupado polas formas *Te / Che* e as súas variantes.

### 2.1.1.2. A parella *Te / Che*

A cuestión é determina-la procedencia da forma *Che*. Non é posible facelo asignándolle unha procedencia exclusiva e inequívoca, posto que tanto *Te* coma *Tibi*, dada a historia fonolóxica do galego, desembocaron na forma *Te*, da cal derivaron tódalas variantes fonéticas xurdidas con posterioridade. Carecemos de documentación latina da Gallaecia que nos permita establecer con certeza a liña evolutiva, pero non resulta inverosímil supoñer que no punto de partida estaban as formas de acusativo e de dativo. Non é nisto o galego unha excepción. Noutras linguas románicas testemuñase esta solución. É o caso do romanés, que hoxe conserva a distinción nas series *Ma, Te, Se-Sa / (I)Mi, (I)Ti, (I)Si*, procedentes, respectivamente, das series acusativa e dativa (Bourciez 1967: 583; véxase tamén Lausberg 1964: 2, 182-187).

Con respecto a esta lingua, o galego e as demais linguas románicas deberon avanzar un paso e fixeron converxe-las dúas series nunha única —*Me, Te, Se* no caso do galego—, sendo así que o CD e o CI pasaron a compartila mesma expresión clítica na 2.<sup>a</sup> persoa do singular.

Posteriormente serían feitos de fonética sintáctica os que se encargarían de restablece-la primitiva distinción, neste caso sobre a base da diferenciación do consonantismo inicial. Ben fose no exclusivo contexto sintáctico do encontro de formas clíticas de dativo e acusativo (*Te + O[s], A[s]*)<sup>8</sup>, ben no máis xeral do encontro desta forma con vocal inicial na palabra seguinte<sup>9</sup>, o /t/ sufriu o efecto palatalizador do glide no que se volveu a vocal /e/ e converteuse en /±/.

6 De entre as que consultamos, só as *Cantigas de amigo* a descoñecen, non tanto porque non existise como por motivo da peculiar estrutura discursiva que presentan estas composicións trovadorescas.

7 Documentámolo fundamentalmente na *Traducción da Crónica...* e nas *Cantigas de Escarnio*. A menor escala documéntase nas *Cantigas de Santa María* e nun único caso nas *Cantigas de Amigo*.

8 Vid. Williams (1975: 159); Coutinho (1974: 254); Nunes (1989: 239).

9 Huber (1986: 113): «nas combinacións dos pronomes persoais átonos *ti-o* > *cho, ti-a* > *cha*, plural *chos, chas; ti* (ou *te*) tamén se tornou *ch'*, quando a palabra seguinte começa por vogal: p. ex., *peço ch'ora* 'peço-te agora' < *ti* (ou *te*) *ora*».

A continuación creouse regresivamente a forma *Che*, a partir de *Ch'*, xurrido espontaneamente. Desta maneira, a expresión palatalizada abandonou o seu contexto orixinario e introduciuse noutros nos que non podería aparecer de forma espontánea. As formas palatalizadas aparecen con bastante sistematicidade ante palabra que comeza por vocal<sup>10</sup> e con algo menos de sistematicidade nos outros contextos.

Este é o estado de lingua que presentaba o galego no momento no que se escribían as primeiras obras conservadas. O papel que lle correspondía a *Te* comezaba a ser asumido cada vez con máis consistencia e sistematicidade pola nova expresión. É moi raro atopar usos de *Ch'* que non se correspondan co CI. En función de CD só atopamos un no corpus:

... et disolle: —[O] glorioso apostolo Santiago, cuja merçee et ajuda tu chamas, ese che acor[r]a agora (MS, 190.16-191.1),

aínda que non é descartable a posibilidade de interpretación de *Che* como CI, do mesmo xeito que sucede cos outros tres casos nos que detectámo-la posible correspondencia co CD:

... et sabe, se os queres asperar, taes mill se á cõtigo, que entre eles nõ acharás hũ que che ben queira (CT, 555.81-2).

Mais aqueles che dar á ende o galardóm, ca nõ am cõtigo paz, nẽ amor, nẽ trẽgoa, nẽ tẽes cõ eles õme que che bem queira (CT, 555.83-5).

Et disse Almãçor —Poys dizeruolo ey eu Rroy Valasquez me enuia dizer que te escabeçe. Mays, por que che quero bem, nõno quero fazer (TCG, 187.87-9).

Nestes tres casos estamos ante un verbo, *Querer*, que presentaba dobre resultado no medievo e que segue a presentalo hoxe, polo que non poden ser tidos en conta como ilustrativos do uso de *Che* como CD<sup>11</sup>.

A regularidade que se percibe na marca de función por parte de *Che* —e de *Ti*— contrasta, loxicamente, coa polivalencia da forma *Te*, que conserva practicamente intacto o valor como marca de CD pero que cede terreo no espacio do CI, basicamente ante o empuxe da forma *Che*.

10 Moi en especial no contexto de encontro de formas clíticas.

11 «*Querfache ben, pero non foi posible*» / «*Os libros queroos forrados para mañá*»; «*Quérote, e moito*». Vid. R. Álvarez - X. L. Regueira - H. Monteagudo (1986: 176-7).

Non se pode falar de homoxeneidade de resultados nas distintas obras medievais estudadas. Polo motivo que fose, hai un grupo delas no que conviven as dúas expresións e hai outro no que só se presenta a forma *Te* ou hai unha presenza puramente testemuñal de *Che*.

Nos Cancioneiros profanos preséntanse case que na mesma proporción *Che* e *Te*<sup>12</sup>. Ocorre o mesmo coas *Cantigas de Santa María*.

A lingua das obras en prosa alónxase moito da homoxeneidade neste particular. Vistas cronoloxicamente, semella haber pouca concordancia entre obras que podemos considerar coetáneas.

No primeiro período, situado entre os confíns do século XIII e os comezos do século XIV, contrasta a ausencia de *Che* na *General Estoria* co equilibrio no que se presentan as formas na *Traducción da Crónica General*...<sup>13</sup>.

No segundo período tamén se mantén a falta de homoxeneidade. Mentres na *Crónica Troiana* hai un lixeiro predominio de *Che*<sup>14</sup>, na *Historia Troiana* a penas ten presenza<sup>15</sup>.

No terceiro período, metidos no século XV ou xa moi preto del, hai unha obra na que está ausente *Che*, a *Coronica de Iria*, pero a outra, os *Miragres de Santiago*, presenta claro predominio de *Che*<sup>16</sup>.

Por riba do feito da heteroxeneidade en cada etapa, sobresaie o progresivo avance de *Che* e o consecuente retroceso de *Te* nos dominios do CI. Do lixeiro predominio de *Te* na *Traducción da Crónica General*... pásase ó lixeiro predominio de *Che* na *Crónica Troiana* e chégase, finalmente, á clara imposición de *Che* nos *Miragres de Santiago*. Do conxunto de obras en prosa, son estas tres as que mellor representan os valores medievais do galego, polo cal podemos afirmar que entre os séculos XIII e XV cristaliza definitivamente a oposición CD / CI na 2.<sup>a</sup> persoa singular do clítico. Os Cancioneiros non fan senón confirmalo e ó mesmo tempo poñen de manifesto, sobre todo no caso das *Cantigas de Santa María*<sup>17</sup>, que no século XIII a forma *Che* xa conseguira introducirse con bastante forza no sistema clítico.

12 Vistas por xéneros, nas *Cantigas de Amor* e nas *Cantigas de Escarnio* mantéñense as proporcións, en tanto que nas *Cantigas de Amigo* só aparece a forma *Te*.

13 Hai un lixeiro predominio de *Te* sobre *Che*, pero non moi marcado.

14 É moi pequena a diferenza (45 fronte a 35).

15 A diferenza é de 13 a 1.

16 A diferenza é de 3'5 a 1.

17 Non hai diferenza ningunha na frecuencia de uso entre unha e outra forma.

## 2.1.2. O portugués

Como lingua estreitamente emparentada co galego, o portugués resulta unha referencia inestimable á hora de establecer parangóns destinados á explicación dos fenómenos de transformación e cambio que se foron producindo ó longo da historia da lingua galega.

Neste caso é dobremente importante, pois o portugués tamén coñeceu a existencia da forma *Che* na época medieval, pero perdeuna case totalmente<sup>18</sup> máis adiante. O establecemento das concomitancias e as diverxencias entre as dúas linguas nos períodos medieval e moderno, respectivamente, deben facilitar notablemente a comprensión do abandono por parte do portugués e, sobre todo, da consolidación e mantemento por parte do galego.

Tomaremos como obra representativa do estado do portugués medieval a *Demanda do Santo Graal*. É unha tradución do orixinal francés que ofrece garantías dabondo como modelo. Sitúase cronoloxicamente dacadabalo dos séculos XIV e XV, polo que ben podería poñerse en contraste coas obras galegas en prosa tanto do segundo coma do terceiro período. Nas obras galegas percíbese o progresivo e definitivo asentamento de *Che*, e con respecto a elas preséntase en portugués unha situación ben distinta. A proporción entre as formas é de 8 a 1 favorable a *Te* na *Demanda*. A liña seguida polo portugués é claramente contraria á do galego.

Non fixemos calas en obras portuguesas anteriores ó século XV, polo que non podemos precisa-la liña da inflexión do uso destas dúas expresións, pero contamos coa información das obras de gramática histórica. En todas elas resáltase o carácter arcaico da forma *Che* e, ó mesmo tempo, preséntase o seu uso como un trazo característico das obras galegas fronte ás portuguesas:

Os pronomes adjuntos de 2.<sup>a</sup> persoa são no galego antigo *cho*, *cha*, plur. *chos*, *chas*, ao passo que em português antigo temos *tio*, *tia*, *tios*, *tias* (*tho*, *tha*, *thos*, *thas*) < *te-o*, *te-a*, etc. (esp. *telo*, *tela*, *telos*, *telas*) (Huber 1975: 41).

O lat. *te* se tornou o port. *te*. Em combinação com *lo* tornou-se *te-o* e depois *to*. Entretanto, em galego, em combinação com o *s* final de formas verbais (segunda persoa do singular e primeira e segunda do plural), *te-o*, isto é, *\*tio*, se tornou *cho*, do qual *che* (por *te*) é um derivado regressivo. As formas *che*, *cho*, *cha*, etc., são encontradas ocasionalmente em português arcaico (Williams 1975: 159).

18 Totalmente no portugués estándar.

Os gramáticos quiñentistas non recollen nos seus inventarios a forma *Che*. João de Barros, por exemplo, presenta as series *a ti* - *a vós* - *a si* e *te* - *vos* - *se* para referirse ós «casos» dativo e ablativo, respectivamente, do pronome persoal (Barros 1971: 319-321).

Que os gramáticos non a considerasen non quere dicir que *Che* non existise. No século XVI aínda persiste un uso esporádico en obras dramáticas nas que se intenta reflecti-la realidade lingüística de diversidade na que vivía o portugués. É paradigmática niso a *Comedia Eufrosina* de J. F. de Vasconcellos. En dúas pasaxes detéctase o uso de *Che*:

*Nunca me fiey de farey farey, mais val hum auache que dous te darey*  
(63.13-4)<sup>19</sup>.

*Pagais lhe com bem che quero* (274.21-2).

A forma *Che* figura en proverbios ou refráns, sintagmas estereotipados en todo caso. Probablemente haxa que entender este feito máis coma unha proba da súa existencia en períodos pretéritos ca coma proba da existencia neste século. Do mesmo xeito que acontece con topónimos e antroponimos, este tipo de expresións adoitan conservar fosilizadas formas xa desaparecidas na lingua do momento. Do mesmo tipo é un novo exemplo extraído doutra obra dramática de Vasconcellos, a *Comedia Aulegráfia*, tamén de mediados do século XVI:

*... se me não faz o que pretendo, que por justica hey de despilo na satisfação de meu seruiço, porque não cuydem cabrões que se hão de servir dos homens de bem, a som de bem che farey, e nunca lho fazem...* (55.2-5),

na que tamén figura nun sintagma denominativo dun xogo, supoñemos de palacio, probablemente fosilizado:

*«... que não se satisfaz em anichilar obrigações, mas tem sua guedelha em contraminar tenções, e minha madrinha he azougue, e joga o douchelo viuo com quantos aqui ancoramos»* (116.17-20).

19 Este mesmo exemplo é aducido por Nunes (1989: 239). Apunta que neste caso *ava* está no canto de *ave*, imperativo de *haver*.

### 3. A ACTUALIDADE

No plano da preceptiva gramatical actual o galego e o portugués presentan unha situación contraposta.

O portugués usa *Te* como forma única<sup>20</sup>, ben como forma illada, ben nas contraccións con outros clíticos de CD (*to[s]*, *ta[s]*)<sup>21</sup>.

O galego, pola súa banda, diferencia as dúas funcións coa parella *Te* / *Che*<sup>22</sup>. Nas contraccións participa unicamente a forma de CI, *Che*<sup>23</sup> (*cho[s]*, *cha[s]*).

Á marxe do convencionalismo que supón o establecemento dun estándar nacional para as linguas, tanto o portugués coma o galego presentan variedade dialectal neste punto. Aínda que de forma moi marxinal, o portugués coñece aínda hoxe o uso da forma *Che* e o galego coñece o uso da forma *Te* como CI e o uso da forma *Che* como CD.

#### 3.1. AS VARIEDADES DIALECTAIS DO PORTUGUÉS

En Melgaço, concello do norte de Portugal, Leite de Vasconcelos (1928: 166, 322, 334 e 361) rexistra a fins do século pasado e comezos do actual o uso de *Che*. Úsanse tanto en lugares da montaña (Castro Leboeiro) coma da ribeira (Chaviães, Cristóval, Melgaço, Paços e S. Gregório). Na actualidade consérvase este uso, a causa do illamento secular no que viviron os habitantes da zona e posiblemente tamén debido ás intensas relacións que desde sempre tiveron os paisanos cos seus veciños galegos.

É un uso que suscitaba —e supoñemos que aínda suscita— imitacións chocarreas por parte dos que non empregan *Che*: «*Tu foche (foste) aonde che mandei, chiquillo (rapazinho)?*» (1928: 232). É de enorme valor lingüístico un diálogo remitido a J. Leite de Vasconcelos o 19 de novembro de 1903 polo Rvdo. Manuel José Domingues, natural de Castro Leboeiro e abade de Melgaço. Nel tercian dous labregos

<sup>20</sup> «Podem empregar-se como OBJETO DIRETO ou INDIRETO: *me, te, nos e vos*». Cf. Cunha (1983: 216).

<sup>21</sup> O portugués do Brasil, sen embargo, mostra unha clara repugnancia a estas contraccións: «Y las contracciones de pronombre complemento directo *mo 'me lo', to 'te lo', lho 'se lo', etc.*, son en el Brasil únicamente empleadas por escritores que tratan de dar a sus obras un tono lusitanista, pues repugnan al oído brasileño, que unas veces suprime el pronombre complemento directo y otras ambos pronombres» (Vázquez Cuesta 1971: 2:163).

<sup>22</sup> «Na segunda persoa de singular presenta unha forma para o dativo e outra para o acusativo e mais para a reflexividade: *Vinte onte, cando che estaba rompendo a cabeza; Ramón, ¿Ti peiteácheste hoxe?*» (Álvarez 1986: 165).

<sup>23</sup> *Ibidem*.

de Castro Leboeiro —un vello e un mozo— e establecen comparanzas entre os tempos idos e os presentes. Son moitos os casos de uso de *Che* e todos eles merecentes de estudio pausado. Estes son algúns: «*Veigam-che cantos hai no outro mundo*»; «*E fosses tu lá com rêtólicas, cá che puxaba as orêlhas*»; «*... trougo ~uas botas comas do Senhor Reitor, è nom ch'as pôdo rumper, cà era espelho dos outros todos*»; «*É aí che stá a razón porque che nom hai dinheiro, porque o gastã nëssas chincharias*» (cf. pp. 365-9).

#### 3.2. AS VARIEDADES DIALECTAIS DO GALEGO

En dúas zonas de extensión moi distinta do occidente de Galicia apártase a lingua do patrón.

Nunha zona triangular delimitada por Santiago, Padrón e Arteixo como vértices —aproximadamente—, foi perdendo vigor pouco a pouco a forma *Te*, ata chegar a desaparecer de tódolos contextos, excepto o dos verbos reflexivos. Na banda oriental, xa en territorio de León —nos Ancares— reproducécese o mesmo fenómeno, levado ó extremo da desvitalización; mesmo con verbos reflexivos úsase a forma *Che*. Son estas as dúas zonas cheístas de Galicia.

Ten moita menor extensión a Galicia teísta. No extremo sudoccidental da provincia de Pontevedra non se usa regularmente a forma *Che*. É nos concellos de Baiona, O Rosal, Sta. María de Oia, A Guarda, Tomiño e unha pequena franxa no occidente do concello de Tui. Como no caso do cheísmo, tamén se reproduce o fenómeno na franxa suroriental, tanto na provincia de Ourense (A Mezquita) coma na de Zamora (Lubián e Hermisende)<sup>24</sup>.

Un e outro fenómeno son manifestación de dúas orientacións ben distintas do rumbo evolutivo da lingua en cada zona. As zonas cheístas alónxanse da solución común a toda Galicia que debeu darse antes de que se orixinase por fonética sintáctica a forma *Che*. É unha solución innovadora, manifestada igualmente nas mesmas zonas noutros sectores dos espazos gramatical e léxico. Por outra banda, nas zonas teístas dáse a solución contraria. Consérvase o estado de lingua da primitiva fase común.

#### 4. AS CAUSAS DA DIFERENCIACIÓN ENTRE GALEGO E PORTUGUÉS

Á vista de que galego e portugués comparten nunha fase da súa historia o mesmo resultado, aínda que con diferente tendencia no grao de preferencia, cabe

<sup>24</sup> Fernández Rei (1990: 76-7, 117-8, 143-7).

preguntarse o porqué da posterior diferenciación. ¿Por que perde, en termos xerais, o portugués a forma *Che*? ¿Que aconteceu na historia do portugués que provocou a perda de sentido da oposición CD / CI na 2.<sup>a</sup> persoa singular do clítico? Ou, o que é o mesmo, ¿que aconteceu ou deixou de acontecer na historia do galego para que a forma *Che* conservase a súa funcionalidade?

#### 4.1. UNHA EXPLICACIÓN POSIBLE: VISIÓN DOS FEITOS DESDE A DIMENSIÓN DAS FUNCIÓNS GRAMATICAIS

A complexidade de solucións na constitución do sistema clítico na segunda persoa do singular debe ser contemplada como algo que trascende o feito dunha simple variedade diatópica. No trasfondo actúan principios propios da dimensión das funcións gramaticais e, moi especialmente, das funcións discursivas.

##### 4.1.1. As funcións oracionais

Polo que ten que ver coas funcións sintácticas oracionais, a revisión do corpus de textos actuais de carácter dialectal bota un balance que non permite falar de relación causa/efecto entre algunha ou algunhas destas funcións e unha ou outra solución clítica (teísmo, cheísmo ou diferenciación). Nas zonas teístas de Galicia e tamén no portugués estántar o clítico non deixa de ser un factor de marca (neste caso neutralizada) do complexo funcional CD - CI:

*Pódote gravar máis ou menos, mi obra, miña història de mar. ¿Empeçaches?* (Baiona - CI).

*... è chejas a terra, pois cansado de, de, cansado, è acóstaste è hai muitas vezes que non te levantas por tomar o chiquito da tarde...* (Baiona - CD).

*Olvidáchesm'olvideite / boteite terra nos ollos / que cuando tu m'olvidache / eu xa tiñ'âmoreos novos* (Pereiro - A Mezquita; *Cantigueiro*, 721d, p. 109) (CD e CI, respectivamente).

*Quería dar-te um conselho* (Cunha 1983: 216) (CI).

*Estimo-te muito* (*ibidem*) (CD).

O mesmo acontece na zona plenamente cheísta e na parcialmente cheísta de Galicia:

*¡Irmeus somos, pero ben ch'entendo! Tú tamén pasas polo meu, ia cuando éu che paséi pola ribeira non che gustaba tampouco* (Ancares, 263) (CD e CI, respectivamente).

*A teu pai ch'hei de pedir / si teu pai me di que nonhe / os pasos ch'hei de seguire* (Lira - CARNOTA; *Cantigueiro*, 490b, p. 81) (CD e CI, respectivamente).

Tamén na zona de Galicia que presenta a solución adoptada como estándar —diferenciación de formas— están representadas as dúas funcións:

*Pois espera, que che vou buscar unhos eixadós ó pueblo* (Verín, 183).

*Non, eu vouche subindo por este monte arriba e espérote alá no alto; tu vai solo, eu alá non vou* (Verín, 178) (CD).

*Era un de Folgueira, alá de cerca de donde che dixen eu que baixab' à pista, onde pon Folgueir'álí* (Terra Cha) (CI).

*Estabas sentada tod'à noit' e non te sacaban a bailar* (Terra Cha) (CD).

Visto o galego en toda a súa extensión, non se pode dicir que entre zonas existan diferencias na constitución funcional do esquema da oración, e máis concretamente na magnitude do binomio CD - CI, que fagan necesaria a existencia de sistemas clíticos diferenciados. Non se pode dicir, por exemplo, que na zona de diferenciación (*Te / Che*) se lle conceda maior importancia á oposición CD / CI polo feito de que nela a 2.<sup>a</sup> persoa do clítico dispoña de expresións diferenciadas. Nin tampouco se pode dicir que nas zonas de indiferenciación (cheísmo e teísmo) teña menor peso específico na química oracional a oposición CD / CI.

Outro factor que podería se-lo responsable é o tipo de relación existente no espacio do CI entre a realización léxica e a clítica. É o galego unha lingua que tende a esixi-la presenza da marca clítica de CI cando esta función ten realización léxica. Das dúas series seguintes, a primeira é gramatical e a segunda non, a causa da presenza/ausencia do clítico acompañando ó CI léxico:

*As perdas da Renfe custaranlles ós españois 1,2 billóns de pesetas Lévoche os cartos a ti para que mos invistas intelixentemente.*

\**As perdas da Renfe custarán ós españois 1,2 billóns de pesetas*

\**Levo os cartos a ti para que mos invistas intelixentemente.*

O portugués é lingua máis flexible nisto e non esixe —ou esixe con moita menos forza— a presenza do CI clítico, polo que cabería pensar que tal vez nesta diferenza puidese radicar sequera unha parte da causa da diferenciación que se estableceu entre o galego e o portugués, por unha parte, e entre as distintas variedades diatópicas do galego. Mais non é esta a causa, posto que na Galicia teísta tamén é marcada a tendencia a concederlle carácter obrigatorio ó clítico CI:

*A moza que topaba unha espiha reina, caíalle o mozo que lle hustase aquiála moza que lle tiña que dar un abrazo porque topaba unha espiha reina...» (Goián, 205.58-60) (Se eliminámo-lo CI clítico, aínda deixando o CI léxico, a oración deixa de ser aceptable: \*A moza que topaba unha espiha reina, caía o mozo que hustase aquiála moza que lle tiña que dar un abrazo porque topaba unha espiha reina...).*

#### 4.1.2. As funcións discursivas: o dativo de solidariedade

No plano das funcións propiamente discursivas é onde se atopa un dos feitos que poden axudar a comprende-lo porqué da existencia desas dúas solucións clíticas representadas paradigmaticamente por galego e portugués.

O chamado dativo de solidariedade é unha entidade gramatical que enraíza a un tempo nun esquema sintáctico, o da oración, e na estrutura constitutiva do discurso. Entronca co esquema da oración polo feito de expresarse exclusivamente de forma clítica e, ademais, na súa variedade de CI; de aí o nome de «dativo», equivalente no terreo do casual a esa función.

Representa na confección do discurso a opción a incluí-lo receptor no enunciado sen falta de sometelo á rixida estruturación do esquema da oración, no que, por outra parte, tamén pode aparecer caracterizado como Suxeito, CD, CI, etc.

É o dativo de solidariedade un trazo, cremos que se non exclusivo do galego, si polo menos moi característico. Nas linguas da súa veciñanza, polo menos na súa codificación estandarizada, non existe, nin tampouco en linguas máis distantes xeográfica ou xeneticamente. A súa función na configuración do discurso consiste na implicación do receptor co enunciado nun ámbito nocional que cobre a área do afectivo e da manifestación da solidariedade entre os interlocutores:

É moi frecuente o uso do pronome dativo para implica-lo interlocutor nos feitos que se narran ou nas opinións que se expresan, ós que en principio era alleo, procurando a súa solidariedade, a súa complicidade ou simplemente unha maior aproximación afectiva entre el, a mensaxe e o emisor (Álvarez, Monteagudo & Regueira 1986: 174).

O carácter non estrictamente oracional deste dativo fai que na translación do galego a outras linguas nas que non existe este recurso non sexa posible traducilo pola correspondente forma clítica, posto que nesas linguas o clítico é un recurso estrictamente oracional. Os propios galegoparlantes son os que incorren frecuentemente neste erro. Non é nada infrecuente escoitar nun diálogo «Te tenía

*en aquellos años una llena de amigos», correspondencia en castelán de «Tíñache naqueles anos unha chea de amigos», ou «No te fui yo quien te llamó, sino mi primo», correspondente a «Non che fun eu quen te chamou, senón meu curmán». A un castelán-parlante «nativo» non lle resulta familiar nin mesmo aceptable esta construción, na que non lle atopa sentido á inclusión da forma *Te*. Se tivese que traducilos enunciados optaríase, con toda probabilidade, por incluír unha apelación: «Amigo mío, tenía en aquellos años una buena cantidad de amigos», «No fui yo, Juan, quien te llamó, sino mi primo».*

#### 4.1.2.1. O dativo de solidariedade no período medieval

Non consta nos manuais que no decorrer da súa historia o portugués posuíse nin tampouco desbotase este recurso. Non obstante, algúns estudiosos resaltan a asociación xa na época medieval da forma *Che* con algunha variedade de dativo non plenamente coincidente co CI prototípico. J. J. Nunes ponno en relación co chamado «dativo de interese»<sup>25</sup>. Por tal entende «o que não é pedido pola natureza do verbo e indica apenas admiração, censura e um tal ou qual interesse da parte de quem fala». Obviamente, esta variedade do dativo non é a de solidariedade, pero forma con ela e con outras máis, como o simpatético, o posesivo, etc., un paquete gramatical con filiación no CI —a expresión— pero cunha semántica particular, moito máis matizada cá neutra do CI prototípico. Entre outras máis, este conxunto recibe a denominación de formas «expletivas» ou «superfluas».

Polo que se sabe ata o momento, este dativo non se documenta, polo menos abundantemente, ata a época moderna, polo que se podería pensar que é de aparición tardía. E, certamente, nos textos medievais non foron descubertos usos do mesmo. Non se pode concluír, sen embargo, a súa inexistencia nese período. Primeiramente porque, como é sabido, a tipoloxía discursiva da maior parte das obras conservadas non é, nin moito menos, favorable á aparición da 2.<sup>a</sup> persoa gramatical, o cal constitúe unha pexa engadida na análise. Por outra parte, hai exemplos medievais que non se pode deixar de poñer en relación co dativo de solidariedade. Detectamos no noso corpus medieval dous casos para os cales non se exclúe a posibilidade de interpretación do valor de *Che* como dativo de solidariedade:

<sup>25</sup> «Sofreu também influência da vogal seguinte o pronome *ti*, que se palatalizou, quando seguido de *a* ou *o*, em *cha* ou *cho*, donde se tirou depois *che*, forma que, no período arcaico, ocorre como equivalente do dativo chamado ético, mas que mais tarde foi abandonada pela língua literária, conservando-se apenas em certas expressões estereotipadas, tais como: *dou-che lo vivo; mais vale um avache que dous te darey*, nalgumas falas dialectais, vizinhas do galego e nesta língua, que também emprega *te*». Nunes (1989: 239).

—Pois, Lourenço, cala-t'e calar-m' -ei / e toda via tigo mi averrei, / e do meu filha quanto chi m'eu der (CE, 70 & 88, 219).

... que por mĩ soo aueras quantos y som, et nõ lle façás nẽhũu mal, ca elles nõ che am y culpa nẽhũa (TCG, 130, c. 84, 113-5).

O exemplo das *Cantigas de Escarnio* ofrece algunhas dúbidas, pois *chi* admite a interpretación como CI normal: *colle canto che eu dea*<sup>26</sup>. Non é, por iso, imposible a interpretación de *m'* como CI (*colle canto m'eu dea*), co cal *chi* respondería plenamente ó patrón do dativo de solidariedade. O exemplo da *Traducción* é claramente un dativo de solidariedade. A súa ausencia non supón a eliminación de ningún dos actantes do esquema oracional (*nõ am y culpa nẽhũa*) e remite inequivocamente ó receptor na dimensión da participación discursiva e non na da sintaxe oracional. É unha obra de claro sabor galego, e que sexa nela onde se documente o que parece se-lo primeiro caso de dativo de solidariedade é dobremente importante, pois pertence ó primeiro dos períodos establecidos na prosa medieval. Significa que este recurso xa era coñecido con maior ou menor grao de importancia desde ben cedo. É tamén significativo que sexa a expresión *Che* a empregada, e non *Te*, nunha época na que aínda a forma *Te* conservaba entre as súas potencialidades a de representa-la función de CI. Non é, nin moito menos, unha proba da asociación unívoca da forma *Che* e do dativo de solidariedade, pero si unha referencia que sitúa o fenómeno na liña sobre a que camiñan os feitos na actualidade.

#### 4.1.2.2. O dativo de solidariedade hoxe

O dativo de solidariedade non presenta unha implantación xeográfica uniforme no seu desenvolvemento en todo o territorio galegoparlante. Isto non tería maior transcendencia se non fose porque é xustamente nas zonas teístas onde se dá un uso seriamente restricto do mesmo. Pola contra, nas zonas cheístas, que tamén limitan substancialmente a distintividade no funcionamento do sistema clítico, existe o dativo de solidariedade, sen que no abano das súas realizacións se produza ningunha a causa disto.

Sexa cal sexa o grao de desenvolvemento deste dativo, o normal, lóxico e esperable é que se hai expresión clítica de dativo —exclusiva ou non, iso é o de menos— sexa esta a que o represente. Deste xeito, na macrozona non teísta será *Che* a expresión e na pequena zona teísta, obviamente, debería de se-la expresión

<sup>26</sup> Tamén é posible a lectura de *m'eu* como posesivo. Neste caso *chi* é claramente CI.

*Te*, neutralizadora da oposición, a encargada de tal cometido. Sen embargo, non topamos nin un só caso de uso de *Te* como forma de solidariedade. Son múltiples os que poderíamos presentar de *che* das zonas non teístas, entre os cales facemos unha moi pequena selección:

*Eso xa abolira moito daquela. Porque con eso, con eso das foleadas habíache moitas quimeras* (Terra Cha).

*Según caín: 'pof'. Non me manquéi, e. Abíache bon sitio* (Negueira, 318).

*¡Dios que che me díu esta, hácheme dar outra* (Verín, 184).

*Eu non che teño présa ningunha; deixate estar* (Prieto 1958: 54).

*¡Ai! débete ser a tía Culasa, que está enferma, e habíae traer pa ahí* (Feás).

*Banche piyar, que che tein setas. Xa saben que bas enriba, y anche tomar us pasos. Eche meyor deixa-la carga aquí. E bolbes outro día* (Alonso 1972: 510).

Son especialmente significativos aqueles exemplos recollidos en concellos limítrofes coa área teísta, distantes en moitos casos poucos quilómetros:

*E, lògho no amor èrache mui parrandeira, eu êrache, tíñache muitos rapaços...* (Morgadáns- Gondomar).

*A min o pan de millo non che me gusta nada* (Couso - Gondomar).

*... porque o meu rapaz, o novo, cómprache vaqueiros de marca, zapatos tal...* (A Ramallosa - Nigrán).

*... e resulta que ... iamos a salir de Madrí par'acá; aínda che m'acorda coma se fora hoi...* (Páramos - Tui).

*Pasamos de todo, pasámosche de todo* (Alxén - Salvaterra).

Pola contra, no falar da zona teísta a norma xeral é a non utilización deste recurso. O resultado é a impresión dunha certa frialdade e distanciamento no discurso en comparanza co que acontece no resto de Galicia, pese ó cal na actualidade percíbese un movemento de aproximación desta zona ó estado xeral do galego. Aínda que moi contados, hai casos de dativo de solidariedade rexistrados en informantes espontáneos, todos eles, certamente, coincidentes en presentaren a forma *Che*, que se utiliza preferentemente para este cometido. Dos tres casos, un figura nunha cántiga, o que fai concebi-la posibilidade de que non sexa propiamente da zona, senón importada:

... as moziñas deste barrio, todas sonche mui ghuapiñas...» (Sta. María de Oia - Oia).

Os outros dous exemplos son claramente representativos:

*Sete mil pesetas, èche a cousa como setecentas mil* (A Guarda).

*Na casa, na panaderia vénche con papèl por baixo e, despois, adórnanse as roscas, o que quère adornala, adórna* (Barrantes - Tomiño).

Como representante do CI nesta zona documéntase de forma xeral *Te*, aínda que tamén ten mínima presenza *Che*:

*Pèro aghora, ¡o carallo! Se te falta unha peseta, que agora temos xa satènta anos que nos dan un pouco de pensión, entón non vivimos, non vivíamos* (Amorín - Tomiño).

*¿E San Mauro para que è? | —Ese non te podo decir, porque a pesar de ser de Barrantes non sei que, sei que Ili lèvan cabezas pa dolores, pa delores reumáticos* (Barrantes - Tomiño).

*Pues, è ... ¿Que te direi ...? Moi boas ... Vamos, recordo aquilo con mòita, con mòito cariño, era unha escola única...* (Figueiró - Tomiño).

*Ah, a da Estrada, sí que te aviso, pos xa che digo, aí van as millores, noutro lado van ô millor, eu que sei, outras que non son tan boas* (Barrantes - Tomiño).

Débase destacar, por significativo, que *Che* nesta zona alterna con *Te* no CI, pero non como dativo de solidariedade. Nese espacio é forma única e exclusiva.

Do anterior concluímos que a función de dativo de solidariedade esixe hoxe en galego a forma *Che*. Non sabemos se na zona teísta se está desenvolvendo nestes momentos esta función pola influencia do seu uso no resto do territorio e, en consecuencia, tómase prestada a forma *Che*, ou se como consecuencia da aparición espontánea na zona da forma *Che* colle corpo a función de solidariedade. Parece que máis ben debe tratarse do primeiro, pois non se dan neste momento no galego as circunstancias fonéticas que bastantes séculos atrás propiciaron a aparición da forma *Che*. Isto parece corroboralo a existencia nas contraccións —o contexto preferente de xeración da variante palatal— da forma con *T*:

*No, que o mandei, como to digho, como che digho que o fixen* (Barrantes - Tomiño).

*Meu cuñado. Despois dígholl'eu: «Buèno, èu tráiota, però ti dime o qui è, ¿nò?»* (Barrantes - Tomiño).

Idéntica situación dáse no portugués do concello de Melgaço. Porque apareceu e callou a forma *Che*, desenvolveuse plenamente a forma de solidariedade. Nas escasas cinco páxinas que ocupa o diálogo enviado polo Rvdo. Manuel José Domingues a J. Leite de Vasconcelos, aparecen non menos de 18 exemplos ben ilustrativos, dos que son unha mostra os seguintes:

*... mais ólha, nom ch'hai mal que nom traga bém. O frio no seu tempo tamém ch'é bô, cá já meu abô dezia qu'em Janeiro | sube ó outeiro: è chóra, se bires berdegar, | è canta, se bires terrear. Olha c'ò ditado dos belhos sái-che certo...* (366).

*Intom bamos-che passando estes dous dias que temos neste mundo, c'ò pior é-che no outro, c'áqui sabemos cardos que comemos, é no outro non ch'o sabemos* (366).

*Ont'á noite fui-ch'ó fiadeiro, e choei com Antonia* (371).

## 5. RECAPITULACIÓN E CONCLUSIÓN

Segundo acabamos de ver, o galego e o portugués, contrariamente ó que fixeron as máis das linguas románicas, desenvolveron nun primeiro momento dúas expresións clíticas de 2.<sup>a</sup> persoa singular, con tendencia a facelas corresponder coas funcións de CD e CI. Posteriormente cada unha das dúas linguas seguiu un rumbo distinto e mesmo contrario. Na súa estandarización, o portugués eliminou a expresión *Che* e deixou *Te* como marca das dúas funcións. Paralelamente, en dúas pequenas zonas do sur de Galicia (unha no oriente e outra no occidente) chegouse ó mesmo resultado<sup>27</sup>.

O galego, que aínda hoxe non está completamente estandarizado, mantivo e afianzou a situación anterior na maior parte do territorio, no que se pasou da inestabilidade na expresión clítica de CI (*Te* / *Che*) á selección de *Che* como a propia. Tamén en paralelo preséntase en puntos illados do norte de Portugal idéntica solución.

A situación pódese resumir nunha fórmula de gran simplicidade: nun caso pérdese a forma *Che* e no outro consérvase. Esta distinción coincide exactamente na súa xeografía coa que se dá na realidade do dativo de solidariedade. Presente e ausente, respectivamente, no galego e no portugués estándar, desaparece en

<sup>27</sup> Do mesmo signo é o proceso acaecido nas zonas cheístas de Galicia, nas que tamén se reduce o sistema, totalmente (zonas dos Ancares de León) ou parcialmente (área fisterrá, na que *Te* pervive como reflexivo).

Galicia ó chegar á zona na que non hai *Che* e aparece en Portugal na zona na que existe *Che*.

Na nosa opinión, esta coincidencia non é unha casualidade nin debe ser considerada intrascendente. De entrada revela que o dativo de solidariedade require a existencia da forma *Che*. Onde aparece esta, alí existe o dativo. Mesmo nas zonas plenamente cheístas, nas que hai total indistinción entre CD e CI mediante clítico, aparece o dativo. Non é, polo tanto, cuestión de haber unha ou dúas expresións, senón de que exista *Che*.

Se nos trasladamos ó terreo da explicación das causas da consolidación da oposición CD / CI, temos que contempla-la posibilidade de que a forma *Che* chegase a asentarse como elemento funcional no sistema clítico porque entre os seus cometidos estaba o de marca-la función do dativo de solidariedade. Na función de CI tiña primitivamente a competencia de *Te*, a forma orixinaria. Posteriormente foi cedendo ata desaparecer en portugués e na zona teísta de Galicia. En galego, sen embargo, a solidez da estrutura do dativo de solidariedade<sup>28</sup> actúa como apoio firme no mantemento da forma *Che* e contribúe decisivamente á súa fixación como forma propia tamén do CI. En zonas de Galicia chega mesmo a varrer a *Te*.

En conclusión, a historia da forma *Che* ten tres períodos ben diferenciados. No primeiro, común ó galego e ó portugués, xorde regresivamente coas mutacións da fonética sintáctica. No segundo período convive con *Te* no espazo do CI. No terceiro coñece sorte dispar. Na maior parte de Galicia e no norte de Portugal asenta funcionalmente a causa do papel que lle corresponde como marca do dativo de solidariedade. En Portugal esmorece coa chegada dos tempos modernos porque tamén esmorece o dativo de solidariedade.

Unha boa proba da adecuación desta hipótese sería, de ser posible, a eliminación do dativo de solidariedade. De ser certa, tamén debería comeza-lo declive de *Che*. De ser falsa, non tería por que desaparecer. Por sorte ou por desgracia, tal vez o futuro nos depare a ocasión de comprobalo.

<sup>28</sup> Hai que ter en conta a posibilidade de que fose debido ó carácter oral ó que quedou reducido no seu uso o galego, contrariamente ó portugués, que desenvolveu plenamente as súas potencialidades como lingua de cultura.

## REFERENCIAS

### 1. ESTUDIOS E ARTIGOS

- Álvarez, R. (1980): *O pronome persoal en galego*, 2 vols., Tese de Doutoramento Inédita, Universidade de Santiago de Compostela.
- Álvarez, R.; Regueira, X. L. & Monteagudo, H. (1986): *Gramática galega*, Editorial Galaxia, Vigo.
- Bourciez, É. (1967<sup>5</sup>): *Elements de linguistique romane*, Klincksieck, Paris.
- Cintra, L. F. L. (1984): *A linguagem dos foros de Castelo Rodrigo*, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, Lisboa.
- Coutinho, I. de L. (1974): *Gramática Histórica*, Livraria Acadêmica, Rio de Janeiro.
- Cunha, C. (1983<sup>10</sup>): *Gramática do português contemporâneo*, Padrão, Rio de Janeiro.
- Fernández Rei, F. (1990): *Dialectoloxía galega*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo.
- García de Diego, V. (1909): *Elementos de gramática histórica gallega*, Hijos de Santiago Rodríguez, Burgos.
- Huber, J. (1986): *Gramática do português antigo*, Fundação Calouste-Gulbenkian, Lisboa.
- Lanciani, G. - Tavani, G. (coords.) (1993): *Dicionário da literatura medieval galega e portuguesa*, Ed. Caminho, Lisboa.
- Lausberg, H. (1964): *Lingüística románica*, 2 vols., Ed. Gredos, Madrid.
- Lima, M. Alves (1961/2-3): «Matosinhos. Contribuição para o estudo da linguagem, etnografia e folclore do concelho», separata da *Revista Portuguesa de Filologia*, 11 e 12, Casa do Castelo, 1963, Coimbra.
- Maia, Cl. de A. (1986): *História do Galego-Português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI (Com referência à situação do galego moderno)*, Coimbra, Instituto Nacional de Investigação Científica.
- Mattos e Silva, R. V. (1989): *Estruturas trecentistas. Elementos para uma gramática do Português Arcaico*, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, Lisboa.
- Monteiro, M. de L. de Oliveira (1947/50): «Porto Santo. Monografia lingüística, etnográfica e folclórica», *Revista Portuguesa de Filologia*, 1 (1947), 340-90; 2 (1948), 28-92; 3 (1949/50), 90-151.
- Netto, M. T. de Mendonça Lino (1947/48): «A linguagem dos pescadores e lavradores do concelho de Vila do Conde», *Revista Portuguesa de Filologia*, 1, 1, 59-151; 2, 122-84.

- Nunes, J. J. (1989<sup>9</sup>): *Compêndio de gramática histórica portuguesa*, Lisboa, Clássica Editora.
- Ogando Vázquez, V. (1978): *A colocación do pronome átono no galego-portugués medieval*, Memoria de Licenciatura Inédita, Universidade de Santiago de Compostela.
- Ogando Vázquez, V. (1980): «A colocación do pronome átono en relación co verbo no galego-portugués medieval», *Verba*, 7, 251-82.
- Santiago y Gómez, J. (1918): *Filología de la lengua gallega*, El Eco Franciscano, Santiago.
- Santos, M. J. de Moura (1962/3, 1964/5, 1966/8): «Os falares fronteiriços de Trás-os-Montes», *Revista Portuguesa de Filologia*, 12, 509-65; 13, 65-261; 14, 213-415. Separata da *Revista Portuguesa de Filologia*, 1967.
- Väänänen, V. (1975): *Introducción al latín vulgar*, Gredos, Madrid.
- Vasconcellos, J. L. de (1900): *Estudos de filologia mirandesa*, Imprensa Nacional, Lisboa.
- (1911): *Lições de Philologia Portuguesa*, Livraria Clássica Editora, Lisboa.
- (1928): *Opúsculos*, vol. 2 (*Dialectologia*), Imprensa da Universidade, Coimbra.
- Vázquez Cuesta, P. - Luz, M. A. M. da (1971): *Gramática portuguesa*, vol. 2, Ed. Gredos, Madrid.
- Williams, E. B. (1975<sup>3</sup>): *Do latim ao português*, Tempo Brasileiro, Rio de Janeiro.

## 2. CORPUS

### 2.1. Textos medievais e renacentistas

- CAo Nunes, J. J. (ed.) (1928): *Cantigas d'Amigo dos trovadores galego-portugueses*, Edição crítica acompañada de introdução, comentario, variantes e glossário, 3 vols., Coimbra, Imprensa da Universidade.
- CAr Nunes, J. J. (ed.) (1932): *Cantigas d'Amor dos trovadores galego-portugueses*, Edição crítica acompañada de introdução, comentario, variantes, e glossário, Coimbra, Imprensa da Universidade.
- CE Lapa, M. Rodrigues (ed.) (1965): *Cantigas d'escarnho e de mal dizer dos Cancioneiros medievais galego-portugueses*, Edição crítica por —. Vigo, Galaxia, 1970<sup>2</sup>.
- CGC Lang, H. (ed.) (1902): *Cancioneiro Gallego-Castelhano*, New York-London.
- CI Carro García, J. (1951): *Coronica de Santa Maria de Iria (Códice gallego del siglo xv)*, Edición, prólogo y glosario de —. Anejo V de *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Santiago de Compostela.

- CSM Afonso X, O Sábio (1959-1972): *Cantigas de Santa Maria*, Editadas por Walter Mettmann, 4 vols., Coimbra, Acta Universitatis Conimbrigensis. Reimp.: Vigo, Xerais, 1981, 2 vols., con «Limiar» de Ramón Lorenzo.
- CT Lorenzo, R. (ed.) (1985): *Crónica Troiana*, Introducción y texto. A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, conde de Fenosa.
- DSG Piel, J. M. (ed.) (1988): *A Demanda do Santo Graal*, Edição de Joseph-Marie Piel, concluída por Irene Freire Nunes, Introdução de Ivo Castro, Lisboa, Imprensa Nacional - Casa da Moeda.
- FLT Pensado Tomé, J. L. (ed.) (1962): *Fragmento de un «Livro de Tristán» galaico-portugués*, Edición y estudio por —. Anejo XIV de *Cuadernos de Estudios Gallegos*.
- GE Martínez López, R. (ed.) (1963) *General Estoria. Versión gallega del siglo xiv. Ms. O.I.i. del Escorial*, Edición, introducción lingüística, notas y vocabulario de —. Oviedo: Universidad de Oviedo [Publicaciones de Archivum].
- HT Parker, K. M. (ed.) (1975): *Historia Troiana*, Santiago de Compostela, CSIC-Instituto «Padre Sarmiento».
- MS Pensado [Tomé], J. L. (ed.) (1958): *Miragres de Santiago*, Edición y estudio crítico por —. Anejo LXVIII da RFE, Madrid, CSIC.
- TCG Lorenzo, R. (ed.) (1975/1977): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*, Edición crítica anotada con introducción, índice onomástico y glosario, Ourense, Instituto de Estudios Orensanos «Padre Feijoo».
- Vasconcellos, J. F. de (1951): *Comedia Eufrosina*, t. 1. Edición, prólogo y notas de Eugenio Asensio, Madrid, CSIC.
- (s./d.): *Comédia Aulegráfia*, Prefácio, notas e glosário por António A. Machado de Vilhena. Porto, Porto Editora, Coimbra: Livraria Arnado; Lisboa: Emp. Lit. Fluminense.

### 2.2. Textos orais contemporáneos

- Alonso, D. (ed.) (1972): «Narraciones orales gallego-asturianas: San Martín de Oscos», in *Obras Completas*, vol. I: *Estudios lingüísticos peninsulares*, Madrid, Gredos, pp. 495-521.
- Ancares Fernández González, J. R. (ed.) (1978): Textos orais do val dos Ancares recollidos polo autor. Figuran como apéndice na súa obra *Etnografía del valle de Ancares*, S. de Compostela, Servicio de Publicacións da Universidade de S. de Compostela (Anexo 10 de *Verba*), pp. 261-71.

- Cancioneiro* Schubarth, D. - Santamarina, A. (1993): *Cancioneiro galego de tradición oral*, vol. 6: *Coplas diversas, cantos enumerativos e estróficos*, A Coruña, Fundación Barrié de la Maza.
- Exterior* Fernández Rei, F. (ed.) (1985): «Textos do galego exterior: Piantón (A Veiga-Oviedo), Paradaseca do Bierzo (León) e Lubián (Zamora). Caracterización lingüística», in *Homenaje a Álvaro Galmés de Fuentes*, vol. I. Oviedo, Universidad de Oviedo; Madrid, Ed. Gredos, pp. 171-97.
- Feás* Couceiro Pérez, J. L. (ed.) (1976): Textos orais de Feás recollidos polo autor na parroquia coruñesa de Feás. Figuran como apéndice na súa obra *El habla de Feás*, S. de Compostela, Servicio de Publicacións da Universidade de S. de Compostela (Anexo 5 de *Verba*), pp. 140-81.
- Goián* Pousa Ortega, H. (ed.) (1987): *A fala de Goián. Estudio descriptivo*, Memoria de Licenciatura (inérita), Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.
- Instituto da Lingua Galega - Proxecto «Etnotextos galegos». Gravacións realizadas en todo o territorio galego entre os anos 1992-4.
- Instituto da Lingua Galega: Fondo documental de textos orais recollidos por compoñentes e colabores do Instituto da Lingua Galega durante os anos 1980-1986.
- Leboreiro* Vasconcelos, J. L. de (ed.) (1928): «Linguagem popular de Castro Leboreiro», in *Opúsculos*, vol. II (*Dialectologia*). Coimbra, Imprensa da Universidade, pp. 363-72.
- Negueira* Santamarina, A. (ed.) (1975): «Testos e noticia da fala de Negueira (Lugo)», *Verba*, 2, pp. 307-23.
- Prieto, L. (1958): *Contos vianeses*, Vigo, Galaxia.
- Sada* Ríos Panisse, M. C. (ed.) (1974): Textos orais recollidos pola autora e reflectidos no seu traballo «Vida mariñeira de Sada», *Verba*, 1, pp. 181-232.
- Salnés* Fernández Rei, F. (ed.) (1977): Textos orais do Salnés recollidos polo autor e presentados no seu traballo «Notas lingüísticas sobre Fefiñáns (Cambados)», in *Homenaxe a Cabanillas*, S. de Compostela, Servicio de Publicacións da Universidade de S. de Compostela, pp. 287-325.
- Terra Cha* Regueira Fernández, X. L. (ed.) (1989): *A fala do norte da Terra Cha*, Tese de Doutoramento (inérita), Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.
- Verín* Taboada Cid, M. (ed.) (1979): Textos orais recollidos polo autor no val de Verín. Figuran como apéndice na súa obra *El habla del valle de Verín*, S. de Compostela, Servicio de Publicacións da Universidade de S. de Compostela (Anexo 15 de *Verba*), pp. 177-217.